

**CIG****Boletín
Sindical**

Nº 93 - 2026

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

A CIG reivindicou neste 10 de Marzo traballo digno e unha Galiza con dereitos

Baixo o lema 'Contra a precariedade e a desigualdade, na Galiza traballo digno, pobo con dereitos', a CIG mobilizouse este 10 de Marzo en 14 localidades para lembrar as loitas do ano 1972, durante as que foron asasinados en Ferrol pola policía franquista os traballadores da antiga Bazán, Amador Rei e Daniel Niebla.

Unhas mobilizacións que foron o xerme do sindicalismo nacionalista galego que hoxe representa a CIG e por iso, no Día da Clase Obreira Galega, a central quixo facer unha xornada de reivindicación por todo o país "porque esta é á maneira de manter vivas e vixentes as loitas do ano 72 pola liberdade, por salarios e condicións laborais xustas e por defender a negociación colectiva en Galiza".

Durante a tradicional ofrenda floral ao pé do monumento ao 10 de Marzo, o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, destacou que "a conmemoración non pode quedar reducida a un acto institucional estéril e limitado a Ferrol".

Denunciou que a clase traballadora galega sofre precariedade, baixos salarios e un modelo socioeconómico neoliberal "imposto a través das sucesivas reformas laborais". Referiuse Carril tanto a reforma de 2012 aprobada polo Goberno de Mariano Rajoy como a aprobada en 2021 polo actual Goberno, "xa que non derogou a do PP, senón que facilita normalizar a precariedade e a pobreza laboral que se manifesta na contratación fixa-descontinua e a tempo parcial".

A mobilización é a ferramenta que permite avanzar e conquistar dereitos



"e facer realidade o lema deste 10 de Marzo: traballo digno na Galiza e sermos un pobo con dereitos". Rexeitou Carril as políticas destrutivas do Goberno do PP na Xunta e as políticas erráticas do Goberno español con medidas inxustas e neoliberais "que facilitan o caldo de cultivo para que o fascismo e a ultradereita avancen".

Apelou á loita obreira como camiño para mudar esta realidade, forzar a un cambio das políticas dos gobernos e enfrontar os ataques da patronal. "Está demostrado que a loita e a mobilización dan resultado", aseverou, pondo o exemplo "da capacidade da unión do pobo galego para facer fronte á Altrí".

Mobilización contra a ofensiva imperialista e a carestía da vida

Carril denunciou a "brutal ofensiva imperialista" e subliñou que o ataque dos EUA e Israel non é illado, senón que dá nun "proceso do capital querer seguir mantendo a hexemonía mundial e as condicións de explotación, pobreza e sometemento aos pobos e estados". Animou a participar nas mobilizacións que convoque a Plataforma Galiza pola Paz "contra esta barbarie", a fin das guerras e a OTAN, na defensa do dereito internacional e da paz.

Neste contexto, advertiu do medre da carestía da vida que dificulta o acceso a bens e servizos básicos como a vivenda, a enerxía ou a alimentación. "Se nos parecía que a inflación tocara límite coa guerra de Ucraína naquela explosión dos prezos que tanta devastación social esta a causar, agora vemos como o custe da vida volve subir a consecuencia da agresión imperialista dos EUA e Israel sobre Irán".

Ante esta perspectiva, reclamoulle aos Gobernos español e galego "máis preocupación por aprobar de inmediato un plan de choque para enfrontar as consecuencias económicas e sociais desta guerra, que por intentar aumentar e xustificar en cada oportunidade que teñen un incremento dos gastos militares".

Mulleres feministas e combativas tomaron este 8 de Marzo a rúa en loita pola súa dignidade

Ao berro de 'Feministas e combativas, en loita pola nosa dignidade', centos de mulleres mobilizáronse coa CIG en Compostela o pasado 8 de Marzo. Unha data de reivindicación e loita porque, a pesar dos intentos de eliminar o contido de clase que deu orixe a esta conmemoración, "o 8 de Marzo é o Día internacional das mulleres traballadoras".

A secretaria confederal de Organización da CIG, Susana Méndez, resaltou que "o 8 de Marzo é loita e reivindicación, é traballo, é dignidade, é clase". Por iso, instou "a debater e tomar conciencia sobre a situación social e política que atravesan as mulleres traballadoras galegas" e exixir as medidas necesarias.

Chamou a atención sobre os paralelismos co ano 1910, cando se celebrou a Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas, orixe do 8 de marzo como Día internacional das mulleres traballadoras. "Daquela, as mulleres denunciaban o alto prezo dos alimentos, as duras condicións laborais e reclamaban a fin dos conflitos bélicos. Hoxe, en 2026, estas reivindicacións están plenamente de actualidade", aseverou.

Precariedade

Denunciou que as mulleres continuamos a ter peores condicións, salarios máis baixos, e máis temporalidade e parcialidade que os homes; e "malia que se nos vendeu que a reforma laboral do ano 2021 ía rematar con estas lacras, o certo é que incluso aumentaron as fendas".

A responsábel de Organización engadiu que a fenda salarial só se acurta por mor da subida do salario mínimo, pero cada vez hai máis traballadoras pobres. Estas menores retribucións xunto ás carreiras laborais máis curtas, fan que a fenda se estenda tamén ás pensións que, lembrou, en Galiza seguen a ser das máis baixas do Estado.

Criticou que as políticas de desmantelamento e privatización dos ser-



vizos públicos afondan nunha maior precarización das mulleres, polo que incidiu que neste día "non temos nada que celebrar, senón ao contrario, estamos aquí para denunciar, reivindicar e esixirlle aos gobernos e ás patronais que dunha vez se poñan en marcha medidas para acadar unha igualdade real e efectiva en todos os ámbitos".

Neste senso, Méndez demandou un incremento salarial das profesións feminizadas e que o réxime especial de persoas empregadas do fogar estea regulado dentro do sistema ordinario da Seguridade Social, con retribucións acordes á importancia dese labor.

Acoso e a violencia

Fronte ao acoso e á violencia laboral, pediu que as denuncias sexan investigadas con celeridade e conclúan con sancións exemplarizantes; e nas profesións cun alto risco de sufrir violencia no traballo exixiu un dispositivo de alerta xeolocalizado que permita facer unha chamada de emerxencia, alén dos protocolos e plans correspondentes. "Non pode haber outro caso como o de Teresa", afirmou en referencia á traballadora do SAF do Porriño asasinada mentres prestaba o servizo nun domicilio.

"Non queremos volver ver outra muller asasinada, nin na casa, nin na rúa, nin no seu posto de traballo. Basta de violencia e asasinatos machistas", reiterou a secretaria de Organización da CIG, quen lanzou un chamado "á mobilización e a rematar co silencio fronte aos ataques", pois "só cunha acción combativa nos lugares de traballo, nas urnas, na negociación colectiva, nos fogares e nas rúas poderemos avanzar".

Conflitos bélicos

Méndez tamén denunciou as agresións imperialistas por parte dos EUA e os seus países amigos, advertindo que son as mulleres quen sofren as peores consecuencias. "Non hai dereitos para as mulleres nun mundo en guerra". Rexeitou "a escalada bélica, o militarismo e a industria da morte que se enriquece mentres os pobos sangran".

Cualificou de auténtica "hipocrísia" que quen bombardea, invade e ocupa queira vendernos as súas guerras como 'liberación', mentres mata nenas nunha escola e sementa terror. A liberdade non chega en forma de mísil, constrúese con paz, con dereitos, con pan, con educación e con futuro".



Xornada de folga no ensino público o 28 de abril

O 28 de abril, o profesorado de todas as etapas e corpos do ensino público galego está chamado a secundar unha nova xornada de folga para reclamar a recuperación dos dereitos roubados e a adecuación das condicións de traballo ao contexto social e educativo actual.

O día da folga haberá manifestación nacional en Compostela, con saída ás 12h da Alameda; e na semana seguinte, ademais, realizaranse mobilizacións deslocalizadas nas que está chamada a participar toda a comunidade educativa.

“Estamos nunha loita de longo percorrido na que o futuro do ensino público e a defensa do profesorado se ten colocado no centro do debate. Durante este curso convocamos cinco xornadas de folga que estiveron acompañadas doutras accións como peches en centros educativos e manifestacións en numerosas cidades e vilas do país”, salientou Laura Arroxo.

A secretaria nacional da CIG-Enseño explicou que o sindicato promove este novo calendario de mobilizacións xunto con STEG e as Asembleas Abertas do Ensino Público, para demandarlle á Consellaría “que sente negociar sen impoñer condicións nin sinaturas de



cheques en branco, xa que o mal chamado Acordo de Melloras non convence á maioría do profesorado galego”.

Sen melloras

A situación, denuncia Arroxo, non ten mellorado nin un ápice durante este curso, malia os anuncios do conselleiro Román Rodríguez e as súas manobras desmobilizadoras. As reivindicacións seguen a pasar pola recuperación dos dereitos perdidos coa escusa da crise, nomeadamente as sesións lectivas máximas e a redución das rateos de alumnado por grupo.

Reclámase tamén o dereito do profesorado substituto a cobrar os meses do verán cando traballan máis de cinco meses e medio; incrementar o profesorado especialista que permita unha maior atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e a actualización dos catálogos dos centros de infantil e primaria, que datan do ano 2007. “Todas estas cuestións pasan polo compromiso firme de contratación de máis profesorado en todas as etapas educativas e especialidades”, aseverou Arroxo.

O persoal da Atención Primaria segue mobilizado pola mellora das súas condicións e unha atención de calidade

“A Atención Primaria está nunha situación límite, pero a Consellaría de Sanidade continúa sen atender as demandas do persoal e sen abordar ningunha das súas problemáticas na Mesa Sectorial”.

Esta denuncia facíaa a secretaria nacional da CIG-Saúde, Ana Lestón, durante xornada de folga convocada pola central nacionalista o pasado 12 de marzo en todas as categorías da Atención Primaria. Un paro que terá continuidade nas vindeiras semanas ante a falta de medidas reais e efectivas para reverter este deterioro.

Lestón salientou que son as traballadoras e os traballadores quen está sostendo día tras día “co seu

esfuerzo, a súa profesionalidade e o seu compromiso” o sistema, pero cómpre “abordar dunha vez por todas as axendas, as listas de agarda e cales son os recursos de persoal que ten que haber en cada un dos centros de saúde do país”.

Entre as actuacións máis urxentes, reivindicou a redución da sobrecarga asistencial e a limitación das axendas; o reforzo de persoal en todas as categorías; a mellora das condicións laborais e retributivas para atraer e reter profesionais; a planificación real e negociada da organización dos centros de saúde e dos PAC; e a posta en marcha de

medidas estruturais que garantan a sustentabilidade do sistema.

A secretaria da CIG-Saúde explicou que esta situación crítica é consecuencia da mala planificación e da falta de vontade política para reforzar a Atención Primaria, “porta de entrada ao sistema sanitario e a garantía dunha atención próxima e de calidade”.

Por iso, advertiu, se a Consellaría continúa sen negociar e sen buscar solucións efectivas, “o conflito e as mobilizacións continuarán até que haxa cambios, porque esta tamén é unha loita pola defensa da sanidade pública e polo dereito da cidadanía a unha atención digna”.



SAF de Ponteareas e transporte da Coruña, Premios 8 e 10 de Marzo

A CIG celebrou o 13 de marzo en Compostela o acto de entrega dos Premios 8 e 10 de Marzo, cos que quere recoñecer as loitas recentes máis significativas para a clase obreira galega. Nesta ocasión, o Premio 8 de Marzo foi para as traballadoras do SAF de Ponteareas, que durante 68 días sostiveron unha folga en defensa dos seus dereitos e por unha atención digna ás persoas usuarias.

O Premio 10 de Marzo foi para o persoal do transporte de viaxeiros/as da provincia da Coruña pola súa loita en de-

manda dun convenio colectivo xusto. O conflito demostrou a capacidade de mobilización, organización e resistencia fronte a unha patronal que secuestrou a negociación colectiva e recorreu a todo tipo de manobras para impoñer un acordo que o persoal rexeitou con absoluta contundencia.

Ademais, fíxose unha mención especial ás mobilizacións protagonizadas polas persoas traballadoras da compañía pontevedresa do sector da automoción Aludec contra a precariedade laboral e para reivindicar convenios colectivos xustos.

Protocolo Lingua Vital contra a emerxencia lingüística

Centos de persoas acudiron o pasado 14 de marzo á Praza da Quintana de Santiago de Compostela para participar na asemblea coa que Queremos Galego (da que a CIG fai parte) someteu á aprobación da sociedade galega o Protocolo Lingua Vital. Un documento de actuación elaborado ao longo dos últimos meses por 57 entidades de todos os ámbitos, co apoio doutras 396, para reverter a emerxencia lingüística.

A asemblea amosou o seu apoio unánime á proposta, que entra agora na fase de aplicación por parte das entidades sociais e institucións adheridas.

No decurso do acto, o voceiro da plataforma, Marcos Maceira, lembrou que os datos estatísticos poñen en evidencia o devalo da lingua galega,



“como resultado da súa exclusión e da súa ausencia acelerada polo desprezo de quen ten o deber de a asegurar sempre” e denunciou que “o PP usa a lingua como refén co que chantaxear o movemento social pola normalización”.

Fronte a esta realidade, asegurou,

“a sociedade galega asumiu a responsabilidade e construíu, participación directa e co apoio de centos de entidades sociais, unha alternativa sólida, unitaria e eficaz á política lingüística de desleixo, miseria e apartheid xestionada por desertores e irresponsábeis”.